

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS VECIÑAIS SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL DURANTE O EXERCICIO 2016

1.- OBXECTO E FINALIDADE:

Estas bases teñen por obxecto establecer as normas para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas económicas ás asociacións de veciños, constituídas como tales, e con ámbito de actuación no Concello de Santiago, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral durante o exercicio 2016.

Para os efectos desta convocatoria, considéranse subvencionables os gastos necesarios para o desenvolvemento de actividades de interese xeral para os cidadáns que se sinalan na base 5 e que se encadren nas seguintes categorías:

- Programas e actividades que favorezan a participación entre a veciñanza
- Gastos de funcionamento necesarios para o cumprimento dos fins propios das asociacións e para o desenvolvemento das actividades obxecto de subvención.

Exclusións.- Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta convocatoria as seguintes actividades:

1. As que obteñan subvención por parte de outra Concellaría e as que, pola súa natureza ou obxectivo, poidan acollerse a outras convocatorias de subvención realizadas polo Concello de Santiago de Compostela ou non se encadren dentro do ámbito de actuación do departamento de Relacións Veciñais.
2. As que, a xuízo da Comisión Avaliadora que se define na base 9, teñan escasa relevancia e/ou carezan de interese xeral.

A finalidade destas subvencións é o fomento do movemento asociativo da cidade.

2.- CONTÍA.

A contía total que se destina a esta finalidade é de 64.800,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 010 33404 48901.

As contías individuais terán as limitacións que se recollen na base 5.

3.- SOLICITANTES. REQUISITOS.

Poderán acollerse a esta convocatoria todas as asociacións veciñais do municipio de Santiago de Compostela que cumpran os seguintes requisitos:

1. Figurar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Santiago, con anterioridade á publicación desta convocatoria, e ter actualizados os seus datos no citado Rexistro, consonte co que dispón o artigo 17 do *Regulamento de Participación Cidadá..*
2. Estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Territorial da Seguridade Social, a Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de Santiago de Compostela.
3. Non estar incursas en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario das subvencións previstas no artigo 10 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

4.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Os beneficiarios das subvencións estarán obrigados ao cumprimento das disposicións que sinala o artigo 11 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia* e as que, especificamente se relacionan a seguir

- a) Cumprir co obxectivo das actividades obxecto da subvención
- b) Xustificar o cumprimento da finalidade da actividade obxecto da concesión da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e achegar a información que se lle requira.
- d) Comunicarlle ao Concello a solicitude e obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse cando se realice a solicitude ou se coñeza a concesión e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da subvención que se conceda.

- e) Non modificar a programación das actividades sen coñecemento e autorización expresa da comisión avaliadora que se sinala no punto 9.
- f) Facer constar en toda a publicidade e difusión do programa subvencionado a colaboración do Concello
- g) Publicar e publicitar as datas e lugares definitivos das actividades.
- h) Utilizar o idioma galego tanto na publicidade como nos programas e nas actividades.

Destas obrigas responderán as asociacións solicitantes a través dos seus representantes legais, que serán os que asinen a solicitude. Se houberse cambios na citada representación, deberán comunicarllo ao departamento de Relacións Veciñais. Os novos representantes subrogaranse nas obrigas indicadas nesta convocatoria.

5.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

5.1 Considéranse gastos subvencionables os que, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada,

Serán subvencionables os gastos correntes necesarios para o desenvolvemento de actividades de interese xeral para os cidadáns, que sexan realizadas e efectivamente pagadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016:

1. Gastos de actividades

Bloque 1.- Prestación de servizos de información e asesoramento, comunicación e divulgación: publicacións, boletíns, revistas...

Bloque 2.- Formación e ocio. Obradoiros, cursos, charlas, coloquios, conferencias...

Bloque 3.- Participación da cidadanía e apoio a outros colectivos do barrio: debates, mesas redondas, asembleas, encontros, foros. Campañas de divulgación e de sensibilización, tanto de temas relacionados coa problemática específica de cada barrio, como de outros temas relacionados coa igualdade, sostibilidade, condutas cívicas de limpeza, orde e coidado do barrio, atención a sectores con dificultades, coñecemento e respecto dos dereitos humanos, fomento do voluntariado, a educación en valores, a convivencia interxeracional e intercultural, etc. Participación en procesos participativos e programas municipais. Campañas de captación. Colaboración cos centros cívicos.

Bloque 4.- Actividades sociais: eventos festivos, culturais e deportivos cuxo obxectivo sexa mellorar a convivencia, que non sexan obxecto de axudas municipais específicas e que favorezan a relación, colaboración e integración entre a veciñanza. Programas de axuda e colaboración entre os veciños e veciñas.

Considéranse gastos de actividades os seguros de responsabilidade civil vinculados á súa realización.

2. Gastos de funcionamento. Estes gastos non poderán superar o 20% dos gastos de actividades sinalados no punto anterior:

- Pequenos arranxos e gastos de mantemento e conservación no local sociocultural municipal que usa a asociación (derivados do uso da asociación), e gastos de mantemento e conservación (auga, gas, electricidade, teléfono, combustible, material de limpeza, pequenos arranxos...) no caso de que sexa un local de titularidade da asociación de veciños.
- Gastos do teléfono móbil da asociación.
- Material funxible (folios, grampas, lapis...)

5.2.- Non serán obxecto de subvención os gastos inventariables nin os gastos estruturais das entidades beneficiarias, como poden ser as nóminas de persoal. Para estes efectos, non se considerarán inventariables os bens non funxibles cuxo custo de adquisición sexa inferior a 150 euros.

Tampouco serán subvencionables os gastos propios da hostalería nin as bebidas alcólicas.

5.3.- O importe subvencionable será, como máximo, o 80% do orzamento de gastos que se detalle no formulario de solicitude ANEXO I, cun máximo subvencionable de 1.900,00 € por solicitude.

5.4.- Os gastos de funcionamento obxecto de subvención non poderán superar o 20% dos gastos derivados da realización de actividades.

5.5.- Se a suma das subvencións outorgables a quen reúna os requisitos para acceder ás axudas, fora superior ao crédito orzamentario previsto na base 2, prorratearase a contía sinalada entre os beneficiarios da subvención, consonte co disposto polo artigo 22 da *Lei 38/20113, de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

6 – SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

6.1 Solicitudes: As asociacións interesadas deberán presentar a solicitude que se recolle no ANEXO I, asinada polo representante da entidade. O representante deberá ser designado pola asociación de veciños nunha reunión da súa xunta directiva onde se acorde solicitar a subvención obxecto desta convocatoria.

6.2 Documentación: A solicitude de subvención deberá presentarse acompañada da seguinte documentación:

En todos os casos:

- a. Todos os documentos que se inclúen no modelo ANEXO I
- b. Certificación orixinal de titularidade da conta bancaria, na que figure a asociación veciñal como titular e se faga constar o número de conta en formato IBAN e máis o código BIC da entidade bancaria.
- c. Copia do DNI da persoa que asine a solicitude.

Se existen modificacións con respecto á documentación presentada para o Rexistro Municipal de Asociacións.

- d. Copia compulsada do CIF da asociación
- e. Copia compulsada dos estatutos legalizados

O Concello poderá solicitar, se o considera oportuno para a resolución do procedemento, calquera outro documento que estime conveniente, así como a comprobación dos datos recollidos na solicitude.

No caso de non entregar a documentación orixinal, as copias deberán achegarse debidamente compulsadas.

6.3- Asesoramento. As asociacións que o precisen poderán contar co asesoramento do departamento de Relacións Veciñais e dos servizos de animación sociocultural da Rede de Centros do Concello, ata o día anterior ao do remate do prazo de presentación da solicitude,.

7. - LUGAR E PRAZO DE ADMISIÓN DE SOLICITUDES.

7.1 - As solicitudes, acompañadas da documentación sinalada na base 6.2, poderán presentarse nas oficinas de rexistro do Concello:

- Rexistro xeral: rúa Presidente Salvador Allende, 4 baixo (Galeras)
- Rexistro auxiliar do ENSANCHE: rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16 (Centro Sociocultural)
- Tamén poderán presentarse nos rexistros e oficinas ás que se refire artigo 38.4 da *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común* Neste caso deberá remitirse, dentro do prazo límite de presentación de solicitudes, unha copia da instancia, debidamente presentada, ao número de Fax 981 542 351

7.2 - O prazo de admisión de solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

7.3 - O modelo de solicitude poderá descargarse desde a web municipal, www.santiagodecompostela.gal

8. - TRAMITACIÓN

O departamento de Relacións Veciñais do Concello revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñen a documentación esixida; se está incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que no prazo de dez días hábiles achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude (art. 71 da *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*)

9.- PROCEDEMENTO

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nas nestas bases axustarase ao establecido na *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*, na *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, e nas disposicións aplicables da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións* e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada lei 38/2003.

A formulación das propostas de concesión das subvencións corresponderalle á comisión avaliadora, que se constituirá para o efecto e estará integrada por:

- Presidente: o concelleiro de Relacións Veciñais ou persoa en quen delegue.
- Vogais:
 - i. O director de Relacións Veciñais
 - ii. Un representante da rede de centros socioculturais.
 - iii. Un representante veciñal do Consello de Relacións Veciñais.
- Secretario/a: persoal municipal designado para o efecto.

O órgano competente para resolver as propostas da comisión avaliadora é a Xunta de Goberno da Cidade de Santiago.

Calquera alteración das condicións que se teñan en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos de financiamento procedentes de outras administracións públicas ou entidades, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

10.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

A Comisión Avaliadora formulará a proposta de concesión ou denegación da subvención, así como a súa contía económica, tendo en conta os seguintes criterios:

CRITERIO	PUNTUACIÓN
Interese xeral da actividade para os veciños	Ata 3
Maior número de participantes	Ata 3
Carácter permanente e continuo da actividade ou programa durante todo o ano	Ata 3
Que se trate de actuacións dirixidas a colectivos desfavorecidos ou con especiais dificultades de inserción social (terceira idade, vítimas de violencia de xénero, persoas con discapacidades, minorías étnicas...)	Ata 3
Orixinalidade e carácter innovador da actividade	Ata 2
Actividades realizadas en colaboración co Concello, sobre todo con centros socioculturais	Ata 2
Incidencia da actividade na promoción da igualdade entre homes e mulleres	Ata 1
Publicidade, folletos, carteis, dípticos	Ata 1

PUNTUACIÓN MÁXIMA ----- 18 puntos.

As subvencións obxecto desta convocatoria tramitaranse en réxime de concorrncia competitiva, comparando as solicitudes presentadas e establecendo unha prelación entre elas, consonte cos criterios de concesión establecidos nestas bases e adxudicando co límite fixado na base 2.

A contía máxima que se concederá a cada solicitude virá limitada pola puntuación que acade:

- De 1 a 6 puntos: máximo 600 euros
- De 7 a 12 puntos: máximo 1.200 euros
- De 13 a 18 puntos: máximo 1.900 euros

O importe da subvención determinarase prorrateando proporcionalmente en función dos puntos obtidos, tomando como referencia os tramos sinalados.

O Concello só poderá subvencionar o 80% do importe de cada proxecto ou actividade. Se a asociación recibe outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para financiar esas actividades, (outorgadas por outras administracións, entidades privadas ou por particulares) deberá acreditarse que a suma da subvención municipal e esas posibles axudas, subvencións ou recursos, non supera o 100% do importe da actividade subvencionada.

11.- RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

A proposta de concesión de subvencións elevarase á Xunta de Goberno para a súa resolución.

Para os casos en que o importe da proposta de concesión sexa inferior ao 80% do custo das actividades e gastos para os que se solicita subvención, o acordo de concesión terá o carácter de **reformulación directa**. Na resolución de concesión deberá constar:

- a.- Importe concedido
- b.- Porcentaxe que supón ese importe sobre o orzamento de gastos presentado
- c.- Importe que se deberá xustificar.

O departamento de Relacións Veciñais notificaralle o acordo aos interesados.

12.- PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

12.1. O pagamento das subvencións realizarase nun único desembolso, **mediante pagamento anticipado**, sen necesidade de que as asociacións acheguen garantía ningunha.

Non se poderá realizar ningún pago se a asociación non está ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Territorial da Seguridade Social, a Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de Santiago de Compostela.

12.2. **A data límite de xustificación será o 31 de decembro de 2016.** Poderán entregar xustificantes de pago con datas comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016. A data límite establécese coa fin de que poidan ser subvencionables os gastos que se producen co gallo da organización dos tradicionais magostos e das festas de Nadal.

Se non se presenta a xustificación no prazo sinalado, incoarase **expediente de reintegro** do importe da subvención concedida.

Tamén se iniciará expediente de reintegro, parcial ou total, nos seguintes supostos:

- Se se comproba que se falsearon os datos da solicitude e/ou da documentación presentada.
- Se a subvención non se destinou ao financiamento dos fins e actividades para os que se concedeu.
- Se a porcentaxe de custo xustificado das actividades subvencionadas é inferior á porcentaxe de custo subvencionado.

Para a xustificación da subvención, as entidades beneficiarias deberán presentar (por Rexistro) o formulario ANEXO II asinado polo representante da asociación designado para a tramitación da subvención.

Xunto co formulario citado achegarase a seguinte documentación:

1. Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades, atendendo con especial interese ao número de participantes e aos resultados obtidos. Esta memoria deberá estar debidamente asinada por parte do representante da asociación.
2. Relación de gastos de actividades
3. Relación de gastos de funcionamento
4. Certificación relativa á solicitude e concesión de outras axudas para a mesma finalidade
5. Facturas orixinais ou copias compulsadas, achegando a acreditación do pagamento de cada unha delas mediante transferencia bancaria, cheque, etc. e acompañando o documento que xustifique o pago. De acordo co que dispoñen as bases de execución do orzamento municipal no seu artigo 30.7, a acreditación do pago dos gastos subvencionados, realizarase por algunha das seguintes formas:
 - Preferentemente mediante transferencia bancaria, mediante copia do resgardo de cargo no que deberá figurar no concepto da transferencia o número da factura ou o concepto do pagamento.
 - Cheque: Ademais da copia do cheque firmado, xustificarse mediante copia do extracto bancario do cargo en conta correspondente ao cheque.
 - Efectivo: Só se admitirá o pago en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade, non podendo superar en ningún caso a contía de seiscentos euros (IVE incluído). Xustificarse mediante factura ou recibín asinado polo acredor indicando a data de aboamento, debendo figurar a expresión “recibín”, “cobrado” ou “pagado”, a data de cobro e o selo da empresa ou sinatura.
6. Acreditación de que se publicitou a colaboración do Concello nas actividades obxecto de subvención (presentando folletos informativos, boletíns, dípticos...)

Os documentos presentados serán orixinais ou copias compulsadas.

Para a xustificación deberá terse en conta o seguinte:

- Deberá acreditarse que se trata de gastos xa realizados e pagados. Considérase gasto realizado, segundo o artigo 31.2 da Lei Xeral de Subvencións, o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola norma reguladora de subvención.
- Os gastos deben cumprir co obxecto e finalidade da subvención.
- Todas as facturas deberán referirse a actividades e gastos realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016.
- Tendo en conta a reformulación directa que se sinala no artigo 11, deberán xustificar, como mínimo, o importe que se sinala no acordo de concesión.
- En caso de que non se xustifique debidamente a totalidade do orzamento reformulado, reintegrarase a parte proporcional que corresponda.
- Se a xustificación fora presentada a través de medio distinto de calquera dos rexistros municipais do Concello de Santiago deberá remitirse, dentro do prazo límite de presentación de solicitudes, unha copia da instancia, debidamente presentada, ao número de Fax 981 542 351.

Poderase autorizar o cambio de obxecto, sempre que se manteña a finalidade da subvención, e previa solicitude razoada da asociación beneficiaria.

Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión e, de ser o caso, á incoación de expediente de reintegro.

13.- INCUMPRIMENTOS

A falta de presentación da documentación xustificativa no prazo estipulado suporá a incoación do expediente de reintegro da subvención percibida e conlevará as demais responsabilidades previstas na Lei Xeral de Subvencións.

14.- RESPONSABILIDADES E RÉXIME SANCIONADOR

Os beneficiarios da subvención quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador sinaladas no título IV da Lei Xeral de Subvencións .

Para efectuar unha mellor valoración das solicitudes e a resolución do expediente, o Concello poderá dispor que se efectúen as comprobacións que considere oportunas para acreditar a veracidade dos datos presentados polos solicitantes.

Os beneficiarios, baixo a súa responsabilidade, estarán obrigados a comunicarlle ao Concello a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado.

Disposicións derradeiras

Primeira.- Calquera interpretación destas bases reguladoras será realizada pola comisión avaliadora definida no punto 9.

Segunda.- Para o non previsto nestas bases será de aplicación a *Lei 38/2003 xeral de subvencións* e o RD 887/2006 que aproba o regulamento de dita lei, e a *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

Consonste o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.



CONCELLARÍA DE RELACIÓNS VECIÑAIS

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN
para o desenvolvemento de programas e
actividades de interese xeral

ANEXO I

1.- Memoria descriptiva das actividades para as que se solicita subvención

Descrición das actividades, interese para a veciñanza e obxectivo que se persegue:



CONCELLARÍA DE RELACIÓNS VECIÑAIS

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN
para o desenvolvemento de programas e
actividades de interese xeral

ANEXO I

2.- Relación de gastos derivados de actividades para as que se solicita subvención

Nº	Nome da actividade	Data de realización	Concepto para o que se solicita a subvención	Destinatarios (veciños, socios, ...)	Nº de participantes	IMPORTE DO GASTO
1.						
2.						
3.						
4.						
5.						
6.						
7.						
8.						
9.						
10.						
11.						
12.						
13.						
14.						
Total						€



CONCELLARÍA DE RELACIÓNS VECIÑAIS

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN
para o desenvolvemento de programas e
actividades de interese xeral**ANEXO I****3.- Relación de gastos de funcionamento para os que se solicita subvención**

Nº	CONCEPTO	PERÍODO	OBXECTIVO DO GASTO	IMPORTE DO GASTO
1.				
2.				
3.				
4.				
5.				
6.				
7.				
Total				€

4.- Certificación do acordo de solicitude de subvención e nomeamento de representante.

D./D^a. _____, con NIF _____
como secretario/a da asociación de veciños _____

CERTIFICO:

Que na reunión da xunta directiva celebrada o día _____, adoptouse o acordo de presentación da solicitude de subvención para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral convocado polo Concello de Santiago.

Que se acordou nomear, como representante da entidade para as relacións desta entidade co Concello, a D/D^a

E para que conste, asino esta presente certificación en Santiago, o ____ de _____ de 2016

Visto e Prace

Asinado:

O presidente,

O secretario,



CONCELLARÍA DE RELACIÓNS VECIÑAIS

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN
para o desenvolvemento de programas e
actividades de interese xeral

ANEXO I

5.- Certificación do número de socios

D./D^a. _____, con NIF _____
como secretario/a da asociación de veciños _____

CERTIFICO:

Que o número de socios activos desta asociación é de _____

E para que conste, asino esta certificación en Santiago, o ____ de _____ de 2016

Visto e Prace

Asinado: O Presidente

Asinado: O Secretario

6.- Declaración xurada (asinada polo representante legal da asociación)

D./D^a. _____, con NIF _____, como representante
da asociación de veciños _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- A. Que a entidade que represento está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social, á Administración Autonómica e ao Concello de Santiago de Compostela, respectivamente.
- B. Que a asociación de veciños non está inhabilitada nin incurso en prohibición para acceder á condición de beneficiarios de subvencións da Administración Pública de conformidade co establecido no artigo 10 da *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*.
- C. Que, en relación con outras axudas procedentes de administracións públicas ou entidades privadas, a asociación veciñal que represento,
- ☐ NON solicitou outras axudas para esta mesma finalidade
 - ☐ SI solicitou as seguintes axudas para esta mesma finalidade

Entidade/institución á que se lle solicitou	Importe solicitado	Importe concedido

- D. Que os importes non subvencionables fináncianse con
- ☐ Fondos propios
 - ☐ Outros (indicar) _____

E para que conste, asino esta declaración en Santiago, o ____ de _____ de 2016

Asinado: O representante legal



XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN

ANEXO II

Interesado: (Datos da asociación de veciños)				
CIF	Denominación		Número do Rexistro Municipal de Asociacións	
Enderezo da asociación		Teléfono	Correo electrónico	
Representante (nomeado expresamente para a tramitación da subvención)				
Documento de identidade	Nome e apelidos			
Enderezo para os efectos de notificación		CP	Teléfono 1	Teléfono 2
Correo electrónico		Relación coa entidade:		
Expón:				
1. O Concello de Santiago concedéulle á asociación de veciños unha subvención para o desenvolvemento de actividades de interese xeral na convocatoria do exercicio 2016, por importe de _____ euros.				
2. O importe do orzamento de gastos obxecto de subvención é de _____ euros.				
Documentación que achega				
A. Memoria xustificativa das actividades e gastos efectivamente realizados				
B. Relación de gastos en actividades, por importe total de _____ €				
C. Relación de gastos do funcionamento da asociación, por importe total de _____ €				
D. Certificación relativa á solicitude de outras axudas para a mesma finalidade.				
E. Facturas orixinais (ou copias compulsadas) e documentación que demostra o seu pagamento.				
F. Documentación que acredita que na publicidade das actividades consta a colaboración do Concello.				
Solicita:				
Que se teña por xustificada a subvención concedida e se proceda ao seu pagamento a favor da asociación de veciños que represento, mediante transferencia bancaria á conta que se sinala a seguir:				
Conta bancaria en formato IBAN				

O asinante declara, baixo a súa responsabilidade, que todos os datos e documentos que se achegan son reais e que coñece e acepta cumprir as bases da convocatoria.

Santiago de Compostela, de _____ de 2016

Asinado: _____

	Rexistro número:
	Expediente número:

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN

ANEXO II

1.- Memoria xustificativa

Descrición das actividades realizadas ao longo de 2016, obxecto da subvención concedida.

